LPIC-1 Linux Administrator – 2ª Edición

Descrición

O presente curso oficial constitúe o itinerario formativo e de certificación deseñado pola organización internacional Linux Professional Institute (LPI) para a correcta preparación do seu nivel profesional de certificación LPIC-1: Linux Administrator

Desenvolto desde unha orientación de aprendizaxe baseada na práctica, o curso proporcionará ao estudante acceso a ferramentas mediante as que levará a cabo multitude de laboratorios e escenarios reais que se propoñen ao longo da formación.

Obxectivos

Ao finalizar o curso, o alumnado adquiriría competencias profesionais para o desenvolvemento de labores de mantemento desde a liña de comandos, instalación e configuración dun equipo Linux e configuración de funcionalidades de rede básicas.

O curso alíñase cos seguintes obxectivos da certificación LPIC 1:

- Arquitectura de sistemas
- Instalación de Linux e Mantemento de paquetes
- Comandos GNU e Unix
- Dispositivos, sistema de ficheiros Linux e xerarquía estándar dos sistemas de ficheiros Linux
- Conchas, script e xestión de datos
- Interfaces e Escritorios
- Tarefas de administración
- Servizos básicos do sistema
- Fundamentos da rede
- Seguridade

Dirixido a

Dirixido a persoas que queiran iniciarse profesionalmente na administración de sistemas operativos Linux.

Para un máximo aproveitamento do curso, é recomendable que o alumnado dispoña de coñecementos básicos no sistema operativo Linux.

BENEFICIOS Diploma de asistencia

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Perfil do docente

As/os formadoras/es son persoas con máis de 10 anos de experiencia en áreas de alta especialización técnica nos ámbitos de aplicación. Dispoñen das certificacións oficiais do fabricante (neste caso LPI) para impartir estes cursos e pasaron con éxito as probas de formación.

PROGRAMA Programación 2026/27

TIPO CURSO

MATRÍCULA Gratuíta

PERIODO INSCRICIÓN 01/01/2027 - 15/01/2027

PROBA DE SELECCIÓN 16/01/2027 (00:00)

CRITERIOS DE SELECCIÓN Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela

Nº PRAZAS 20 (Mínimo 10)

METODOLOXÍA Presencial

TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	60 horas
DATA INICIO	22/02/2027
DATA FIN	11/03/2027
HORARIO	De luns a xoves de 16:00 a 21:00 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	LPI 101-500, LPI 102-500
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 10 horas
TECNOLOXÍA	Linux LPI
PERIODO DOCENCIA	22/02/2027 - 11/03/2027

Temario

LPI 101-500: Administración de Linux - Parte 1

- Tema 101: Arquitectura de sistemas
- Tema 102: Instalación de Linux e xestión de paquetes
- Tema 103: Comandos GNU e UNIX
- Tema 104: Dispositivos, sistemas de ficheiros Linux e xerarquía estándar do sistema de ficheiro

LPI 102-500: Administración de Linux - Parte 2

- Tema 105: Intérpretes de comandos, guións e xestión de datos
- Tema 106: Interfaces de usuario e escritorio
- Tema 107: Tarefas administrativas
- Tema 108: Servizo esencial do sistema
- Tema 109: Coñecementos básicos de rede
- Tema 110: Seguridade